

A radio d@s nativ@s dixitais: proposta sonora para o uso da radio na escola

A canción [Video killed the radio star](#) popularizouse en 1979, na versión dos Buggles, un grupo inglés da new wave. A letra glosaba o declive dun cantante da época dourada da radiofonía trala chegada da televisión (“Pictures came and broke your heart/ put the blame on VTR”) e o retrouso da peza usouse repetidamente desde aquela para aludir á ameaza que o novo electrodoméstico supoñía para a vella radio. Sabemos que o vídeo non matou finalmente a estrela radiofónica, pero si obrigou a radio a reinventarse e, recoñezámolo, tamén a relegou a un papel secundario no consumo e influencia comunicativa. As profecías apocalípticas adoitan errar nos prognósticos pero tampouco imos negar, nin lamentar, o darwinismo mediático. A radio non acabou cos periódicos, nin a radio coa televisión e, de momento, Internet non acabou con todos eles, aínda que estea poñendo en graves apuros o modelo de negocio tradicional de moitas empresas de comunicación. O vídeo non matou a estrela da radio, e probablemente tampouco a maten os iPods, aínda que a nosa maneira de consumir, producir e difundir son xa estean mudando para sempre.

Boa parte do voso alumnado apenas escoita a radio convencional, en primeiro lugar porque os nenos e nenas practicamente non existen na radiodifusión comercial e na pública. No repaso que Rocío Pereira¹ realiza polos programas infantís da radiodifusión galega nas últimas décadas apenas atopa espazos difundidos para todo o país. A Radio Galega emitiu desde 1998 ata 2006 o programa Plis Plas, dirixido por Irene García e Xosé Lois Espiñeira. O programa difundía contos, música, concursos e as aventuras d’Os detectives verdes: o inspector Pataca e o seu axudante Tomatiño, investigadores de problemas ambientais que abriron delegacións da súa axencia en moitos centros galegos. Desde a creación da Radio Galega en 1985 só outros dous espazos buscaron especificamente a audiencia infantil: Xamón xamón, conducido por Carlos Blanco entre 1996 e 1997 e mais Escola de calor, de Isabel Freire, en 1988. A radio pública e a radio comercial acolleron tamén ocasionalmente espazos protagonizados por nenos e nenas, especialmente faladoiros, que así e todo adoitaban estar destinados ao público adulto. A rapazada está desaparecida na radio convencional, e de feito o EGM, o estudo de audiencia que manexan as grandes cadeas, exclúe das súas enquisas as persoas menores de 14 anos. Foi a radio local que con máis frecuencia abeirou no noso país experiencias de radio escolar ou dirixidas a nenos e nenas, desde programas como A hora meteora, de EMUGA, emitido a finais dos anos 90. Tamén a radio comunitaria acolle algunhas experiencias de comunicación radiofónica da xente nova, como o espazo [“A fume de carozo”](#), un programa realizado polo equipo de normalización e dinamización lingüística do colexio Calasanz da Coruña, que emite a emisora Cuac FM.

1 PEREIRA RODRÍGUEZ, Rocío “A programación infantil na radio de servizo. Estudio dun caso: o programa plis-plas da radio galega” (tese doutoral) Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Universidade de Vigo, 2011

No resto do Estado atopamos exemplos de radio infantil nalgúñas emisoras públicas, como [La estación azul de los niños](#), de R5 (RNE) ou [Tortolikan](#), de Euskal Irratia. Tamén nacen emisoras comerciais por Internet como [Babyradio](#), pensada para oíntes entre 0 e 6 anos e para as súas nais e pais, destinatarios dos abundantes patrocinios de marcas de produtos infantís.

Chegada a adolescencia, malia a invasión das pantallas, o son incrementa a súa importancia como ferramenta de expresión e comunicación. A música mantén o mesmo papel central que representou para xeracións anteriores, pero para acceder a ela a radio musical xa non é imprescindible. Con todo, o son, chegue como chegue aos oídos dos adolescentes, segue sendo conformando o muro de decibelios co que procuran intimidade no núcleo familiar e o contrasinal co que atopan complicidades entre os seus pares, e as radios musicais seguen contando cun público moi amplo aínda que reorienten a súa programación cara ás audiencias algo máis vellas. Boa parte das radiofórmulas que emiten en Galicia pertencen a grupos estatais que emiten en cadea: apenas existe radio musical xuvenil en galego semellante á pública [Gaztea Irratia](#) en Euskadi ou á privada [Ràdio Flaix](#) en Cataluña. Fornecer contidos para xente moza é especialmente importante para as linguas minorizadas: un outro exemplo, algo máis lonxe, é do programa xuvenil [Aileag](#), na BBC escocesa.

Esa radio d@s nativ@s dixitais que enganosamente vos anunciaba no título aínda non existe na radio convencional. Co desenvolvemento da radio dixital paralizado e unha ciberradio que foi pouco máis alá de ofrecer en podcast os mesmos programas que se emiten por analóxico, o I+D radiofónico hai que buscalo nas marxes e en Internet. E abofé que existe. Demóstrano, por exemplo, os creadores de falangullos (o neoloxismo acuñado polo xornalista Roberto Noguerol para os podcasts galegos) dos que Uxío Broullón², responsable do podcast [C'mmons baby](#), ofrece [unha panorámica polo miúdo](#) na que tamén recolle algunhas experiencias escolares.

Hoxe vivimos rodeadas de imaxes e de pantallas, pero seguimos sendo extremadamente sensibles aos estímulos sonoros, que é unha das nosas principais fontes de coñecemento e interacción co contorno. A radio, independentemente dos cambios que experimentou e experimentará, e de como se transmite e consoma, está feita de catro materiais sónicos, básicos e baratos, pero poderosísimos como ferramenta de expresión e comunicación: palabra, música, (efectos sonoros) e silencio. A radio leva moito tempo sendo utilizada como ferramenta educativa (nas emisións da [UNED](#), en emisoras como [Radio ECCA](#) ou programas como [Preescolar na casa](#)) e no noso país hai xa un bo lote de experiencias baseadas na elaboración de podcasts de docentes e alumnado, radios escolares e programas emitidos en colaboración con emisoras locais. Pero para que pode servir a radio na escola? Algúns dos seus posibles usos teñen que ver coas súas características propias, outros son comúns ao traballo que se pode realizar utilizando calquera medio de comunicación. A radio é un medio moi acaído para exercitar a expresión oral, esa

² BROULLÓN, Uxío “Falangullos, los podcasts en gallego” en Podcasting: tú tienes la palabra. Asociación Española de Podcasting, 2011.

grande esquecida no currículo escolar, pero tamén para practicar a expresión escrita, para activar a imaxinación, para desenvolver o sentido crítico e coñecer o mundo e o noso contorno máis inmediato e para desenvolver habilidades como usuarias pero tamén como produtoras de contidos. Non é pouco, eh... Para empezar, a radio pódenos valer para aprendermos a escoitar, isto é, a oír pensando.

Escoitar

A nosa propia voz chega ao oído por dous camiños diferentes: a través do aire e a través do noso corpo, que privilexia as frecuencias graves e distorsiona a percepción de como falamos. A primeira vez que escoitamos a nosa voz gravada prodúcese un estrañamento, decote acompañado de certo arrepío; non nos recoñecemos! Grazas aos espellos e ás fotografías estamos moi afeitas a convivir e mesmo a obsesionarnos coa nosa imaxe física, pero apenas coñecemos a nosa “imaxe sonora”.

Proposta de actividade: gravar, escoitar e describir a propia voz.

A radio axiña consegue certa proximidade psicolóxica cos oíntes, certa intimidade. A palabra falada denota pero tamén connota, dinos moito máis que o seu significado semántico. Á xente que coñecemos ben notámoslle enseguida por teléfono se está contenta, triste, incomodada. Do uso da voz dos locutores e locutoras de radio tiramos moita máis información que o significado das palabras que pronuncian: recreamos ou creamos esas persoas a través das súas voces (a súa idade e aparencia, a súa actitude), identificamos diferentes xéneros (a voz sobria e neutra dos informativos, a emoción e a épica nas retransmisións deportivas, o ton xovial da radiofórmula musical...).

Proposta de actividade: escoitar voces de locutores e locutoras en diferentes xéneros radiofónicos (informativos, programas musicais, retransmisións deportivas, radio nocturna...). Que nos di a súa voz? Que uso diferente fan dela? Podemos nós arremedala?

O oído é unha das nosas ferramentas para coñecer o contorno e desenvolvernos nel. O colectivo galego escoitar.org cre que se pode coñecer unha sociedade a través dos sons de xera, do seu imaxinario sonoro. O seu mapa sonoro de Galicia pode ser o punto de partida para cartografiarmos a través do son o noso instituto ou a nosa vila.

Proposta de actividade: gravar e elaborar paisaxes sonoras. Como soa o instituto, a rúa na que vivimos, unha verbena, un chat en WhatsApp, unha explotación gandeira, un día de praia?

Poida que a radio, como medio invisible, sexa realmente o máis visual de todos, aínda que as imaxes teña que construílas quen escoita. A propia literatura naceu oral, narrada en voz alta, e oral volve a ser nos audiolibros. A radio non pode incorporar algúns dos recursos dos narradores orais pero si permite achegar elementos sonoros

moi acaídos para recrear unha historia. [Velaquí](#) temos [varios exemplos](#). Gravando os nosos audiocontos podemos traballar a produción e uso correcto da voz, e a partir de aí, os seus elementos expresivos: exercitar a dicción, a respiración, a velocidade, a actitude, a entoación, o ritmo...

Proposta de actividade: gravar os nosos propios audiocontos ou fragmentos de libros da biblioteca, e mesmo incorporar as recomendacións orais das lectoras no blog da biblioteca do centro.

A radio excita a imaxinación. Cada son que escoitamos é asociado polo noso cerebro a imaxes e sensacións, como cando lemos. No Diario Cultural da Radio Galega propóñenlle cada semana á audiencia un xogo, un “[sonigrama](#)”, unha secuencia de sons (música e efectos sonoros) sobre a que os oíntes deben escribir relatos de cen palabras como máximo. Un bo xogo para exercitar a expresión escrita, que tamén é imprescindible no traballo radiofónico.

Proposta de actividade: escribir relatos a partir dos sonigramas que podemos atopar no Facebook do Diario Cultural, ou crear os nosos propios sonigramas.

A capacidade evocadora dos sons e a credibilidade documental que lles concedemos converte a radio nunha potente ferramenta de comunicación pero... podemos acreditar en todo o que escoitamos?

1. O 30 de outubro de 1930 a emisora estadounidense CBS emitiu unha [adaptación radiofónica d’A Guerra dos Mundos](#), a novela de H. G. Wells, provocando o pánico de moitos oíntes que creron que os Estados Unidos estaban realmente sufrindo unha invasión marciana. Antes da emisión e no seu transcurso advertiuse de que se trataba dunha ficción, pero boa parte da audiencia non reparou nesas mensaxes.

2. A radio resultou un poderoso medio de propaganda, especialmente antes da chegada da televisión. A [Alemaña nazi](#) foi o primeiro réxime totalitario que empregou o medio radiofónico como arma propagandística, como tamén o foi no transcurso da [guerra civil española](#). Durante a ditadura franquista, ante o férreo control de todos os medios de comunicación por parte do réxime, [Radio Pirenaica](#) converteuse nunha das poucas vías de información alternativas.

Proposta de actividade: reflexionar sobre os recursos que poden utilizarse na radio para darlle credibilidade a unha nova falsa e sobre a nosa capacidade como oíntes para detectarmos a manipulación.

Emitir

A mellor maneira de entender as posibilidades e as limitacións da comunicación pública é practicala, e por fortuna, a xente nova está hoxe bastante afeita a producir os seus propios contidos. En moitos dos vosos centros elabóranse podcasts e nalgúns mesmo se creou unha radio propia. Os [podcasts](#) son un recurso máis do que o

profesorado dispón para utilizar de maneira instrumental ou creativa, segundo as necesidades e obxectivos. Poden servir para debullar contidos de calquera materia e ata para repasar conceptos de cara a un exame.

Proposta de actividade: elaborar un podcast coa “chuleta” sonora de calquera materia

Ademais do seu uso instrumental, o podcast pode utilizarse para incentivar a expresión e a creación. Póñovos o exemplo dunha experiencia da NPR, a radio pública estadounidense, que durante décadas repartiu gravadoras entre distintos grupos sociais, entre eles, adolescentes. A cada persoa pedíase que fixese un rexistro sonoro da súa vida, coas súas reflexións en primeira persoa e o adubo da paisaxe sonora. É un diario radiado, un xénero delicado pero desde logo interesante. Imos escoitar un pedaciño da vida de Nick, un mozo de 15 anos que non acaba de adaptarse ao seu novo instituto. [Así soa un dos días de Nick...](#)

Proposta de actividade: contar nun podcast un día da nosa vida, á maneira dun diario

A confección de programas de diferentes xéneros achegará o alumnado ao discurso radiofónico desde unha perspectiva diferente á de simples oíntes e poñerá en contacto coas dinámicas e rutinas dun medio de comunicación. Terán que seleccionar a información, elaborala segundo determinadas pautas, presentala dun xeito radiofonicamente atractivo... Tamén repararán nalgunhas peaxes e limitacións que calquera medio de comunicación ten que afrontar: a escaseza de tempo e de medios, os problemas de financiamento, as presións que exercen os grupos interesados en privilexiar a súa versión dos feitos... Os xéneros radiofónicos son moitos e admiten achegas e mutacións: da entrevista ao radioteatro, do debate aos programas informativos, da reportaxe á radiofórmula..

Proposta de actividade: gravar unha entrevista aos avós, elaborar un informativo radiofónico da actualidade do instituto, crear un programa musical...

Se os experimentos vos deixan con gana de máis, o seguinte paso podería ser achegaros á vosa radio local cun proxecto de programa ou crear unha emisora no voso centro como a Radio Furoca do IES da Pastoriza, en Arteixo, da que agora nos van falar. Máis nada. [Que a radio vos acompañe.](#)

Referencias bibliográficas

BROULLÓN, Uxío “Falangullos, los podcasts en gallego” en Podcasting: tú tienes la palabra. Asociación Española de Podcasting, 2011.

FERNÁNDEZ, Luciano “Podcast para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística”, “Propostas de podcast na materia de lingua” (en <http://www.slideshare.net/xanocebreiro>)

PEREIRA RODRÍGUEZ, Rocío “A programación infantil na radio de servizo. Estudio dun caso: o programa plis-plas da radio galega” (tese doutoral) Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, Universidade de Vigo, 2011

Enlaces:

Video killed the radio star: <http://www.youtube.com/watch?v=Iwuy4hHO3YQ>

A fume de carozo: <http://afumedecarozo8.podomatic.com/>

La estación azul de los niños: <http://www.rtve.es/alacarta/audios/la-estacion-azul-de-los-ninos/>

Tortolikan: <http://www.eitb.com/eu/irratia/euskadi-irratia/programak/tortolikan/>

Gaztea Irratia: <http://www.eitb.com/eu/gaztea/gaztea-online/>

Ràdio Flaix: <http://www.flaixfm.cat/repro.php>

Aileag: <http://www.bbc.co.uk/programmes/b007jddf>

C'mmons baby: <http://www.commonsbaby.com/>

UNED: [http://portal.uned.es/portal/page?
_pageid=93,1126380,93_20546881&_dad=portal&_schema=PORTAL](http://portal.uned.es/portal/page?_pageid=93,1126380,93_20546881&_dad=portal&_schema=PORTAL)

Radio ECCA: http://www.radioecca.org/_index.php

Escoitar.org: <http://www.escoitar.org/>

Velaquí: <http://www.crtvg.es/infantil/contos/carapu#.ULdpO-SZQkQ>

temos: <http://www.rtve.es/alacarta/audios/contando-cuentos-en-radio-5/>

exemplos: http://www.contesdelmon.org/podcast/participants/tia_maria.mp3

Sonigrama 63: http://85.91.64.18/diariocultural/SONIGRAMA_63.mp3

Adaptación radiofónica d' A guerra dos mundos: <http://www.youtube.com/watch?v=W6YNHq1qc44>

Alemaña nazi: <http://www.youtube.com/watch?v=dkIVMYAewXs>

Guerra civil española: <http://www.youtube.com/watch?v=1murZqbLhdU>

Radio Pirenaica: http://www.youtube.com/watch?v=gSsr1_hFCZE

Podcasts: <http://cadernodelingua.wordpress.com/2011/04/28/un-podcast-para-a-aula-de-lingua/>

Así soa un dos días de Nick: <http://www.radiodiaries.org/tag/teenage-diaries/>

Que a radio vos acompañe: <http://www.rtve.es/alacarta/audios/carne-cruda/>